

RESOLUCIÓN DO 4 DE MAIO DE 2021, DA DIRECCIÓN XERENCIA DE REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A., POLA QUE SE DESIGNAN OS INTEGRANTES DA COMISIÓN PERMANENTE DEFINIDA NA BASE 5 DAS BASES PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL LABORAL TEMPORAL E A XESTIÓN DAS LISTAS DE CONTRATACIÓN NA ENTIDADE REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A.

A dirección xerencia de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., de conformidade co establecido no artigo 110º.c) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e en virtude das atribucións outorgadas polo Consello de Administración na súa sesión de data 26 de marzo de 2021, ten conferido poder en materia de selección e contratación de persoal da sociedade.

No DOG nº 61, do día 31 de marzo de 2021, publicouse a *Resolución do 25 de febreiro de 2021 pola que se anuncia a convocatoria para a elaboración de listas de contratación temporal por categorías.*

A base 5 das *Bases para a selección do persoal laboral temporal e a xestión das listas de contratación na Entidade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.* establece que constituirase unha Comisión Permanente como órgano colexiado encargado da elaboración, control e funcionamento das listas.

Así mesmo, establécese que *“Para a súa composición estarase ao disposto no artigo 46 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, que derogou a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.*

- *Presidente/a: O Director/a Técnico/a de RETEGAL ou persoa en quen delegue.*
- *3 vogais designados polo órgano competente de RETEGAL, segundo o establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.*
- *Secretario/a (con voz e voto): Titular do departamento competente en materia de persoal ou persoa en quen delegue.*

Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no que se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

En atención ao exposto, e en virtude das atribucións conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. A composición da Comisión Permanente de Selección queda establecida da forma seguinte:

- **Presidente/a:** Don Joaquín Alonso Montenegro
- **Secretario/a:** Don Fernando Sanmartín Alende
- **Vogais:**
 - D. Benedicto Fernando Santiago Acuña
 - D. Nicolás López Costa
 - D. Rafael José García Rodríguez

Segundo. As competencias e o funcionamento da Comisión de Selección son as establecidas nas *Bases para a selección do persoal laboral temporal e a xestión das listas de contratación na Entidade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.*

As competencias da Comisión son as seguintes:

- a) Elaborar as listas, mediante a valoración dos criterios establecidos nos baremos correspondentes a cada convocatoria/categoría.*
- b) Propoñer á Dirección a adxudicación das vacantes.*
- c) Realizar as actualizacións e elevalas á Dirección Xerencia para a súa publicación.*
- d) Resolver as cuestións derivadas da interpretación desta regulación e funcionamento.*
- e) Adoptar cantos acordos e decisións esixa o funcionamento das listas.*
- f) Resolver as solicitudes e reclamacións presentadas en relación co funcionamento e xestión das listas.*

As decisións da Comisión tomaranse por maioría simple. Os empates decidiranse co voto de calidade do Presidente.

A Comisión poderá solicitar da Dirección a incorporación ao seus traballo de asesores especialistas para as valoracións. Estes asesores limitaranse ao ditame ou colaboración técnica.

A Comisión terá a súa sede en Edificio de Usos Múltiples, Bando - San Marcos – 15820, Santiago de Compostela- A Coruña, e resúltanlle de aplicación as instrucións sobre o funcionamento e actuación dos Órganos de Selección da dirección xeral da Función Pública da Xunta de Galicia de 11 de abril de 2007, modificadas polo Acordo adoptado no Consello da Xunta de Galicia do 08 de

abril de 2010, así como as normas previstas no Título I da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro. A Comisión de Selección e/ou os eventuais cambios que poidan sufrir os nomeamentos, poderán consultarse na páxina web: <https://www.retegal.es/gl/transparencia/bases-para-seleccion-do-persoal-laboral-temporal-e-xestion-das-listas-de-contratacion> ou nas dependencias da sociedade sitas en: Complexo de San Marcos (Edificio Multiusos). Bando - San Marcos. 15820 Santiago de Compostela (A Coruña).

Data e sinatura dixital

Maria Pilar Chapela Villanueva

Directora xerente